

PROGRAMA DO OBRADOIRO

Actividades presenciais (empréguese táboas como a seguinte e indíquese o día, hora de inicio e fin, conferencia, relator/a e outras actividades:

Día: 09/10/2023	
Hora: 16:30-18:30	Presentación do obradoiro. Cuestións iniciais sobre “Entender a música dende o canto”.
	Lucía Casal de la Fuente (UVIGO)
Día: 16/10/2023	
Hora: 16:30-18:30	Aprendendo a vivir a voz: características, posibilidades, tipos e coidado da voz.
	María José Fiuza Asorey (USC)
Día: 23/10/2023	
Hora: 16:30-18:30	Producimos sons vocais e investigamos o canto: o proceso fonatorio e a voz musical.
	Lucía Casal de la Fuente (UVIGO)
Día: 30/10/2023	
Hora: 16:30-18:30	A escoita consciente: as paisaxes sonoras.
	Lucía Casal de la Fuente (UVIGO)
Día: 06/11/2023	
Hora: 16:30-18:30	Introdución á práctica coral.
	Ruth González Gómez (externa)
Día: 13/11/2023	
Hora: 16:30-18:30	A escoita activa e o adestramento auditivo.
	Lucía Casal de la Fuente (UVIGO)
Día: 20/11/2023	
Hora: 16:30-18:30	Introdución á grafía musical.
	Lucía Casal de la Fuente (UVIGO)
Día: 27/11/2023	
Hora: 16:30-18:30	Práctica coral con movemento.
	Ruth González Gómez (externa)

Día: 04/12/2023	
Hora: 16:30-18:30	O ritmo.
	Lucía Casal de la Fuente (UVIGO)
Día: 11/12/2023	
Hora: 16:30-18:30	A melodía. Introducción á harmonía.
	Lucía Casal de la Fuente (UVIGO)
Día: 18/12/2023	
Hora: 16:30-18:30	Elementos expresivos da música.
	Lucía Casal de la Fuente (UVIGO)
Día: 08/01/2024	
Hora: 16:30-18:30	Instrumentos e ferramentas para facer, producir e editar música.
	Lucía Casal de la Fuente (UVIGO)
Día: 15/01/2024	
Hora: 16:30-18:30	Características e evolución dos estilos músico-vocais.
	Lucía Casal de la Fuente (UVIGO)
Día: 22/01/2024	
Hora: 16:30-18:30	O movemento e o acompañamento instrumental ao canto.
	Lucía Casal de la Fuente (UVIGO)
Día: 23/01/2024	
Hora: 16:30-18:30	Os beneficios da práctica músico-vocal como actividade holística e transversal.
	Lucía Casal de la Fuente (UVIGO)

Horas de traballo individual do alumnado (resumo das actividades a desenvolver):

As horas de traballo individual do alumnado son 30, e son todas presenciais, nas sesións fixadas para desenvolver o obradoiro.

As actividades a desenvolver son:

Actividades introdutorias: presentación, exposición de coñecementos previos, actitudes e aptitudes cara aos contidos do obradoiro, experiencia músico-vocal previa etc.

Actividades de desenvolvemento:

- Asunción e aplicación de medidas de hixiene e coidado vocal: reflexión e aplicación práctica destas ao día a día.
- Quecemento: exercicios de relaxación, de respiración, e de fonación.
- Exploración das propias posibilidades vocais: vocalizos, exploracións vocais, vocalizacións etc.
- escoita, comentario e representación de fragmentos e/ou de obras musicais breves.
- Exploración e interacción cos recursos musicais presentados en clase.
- Práctica da voz cantada: canto ao unísono e a voces por medio da práctica coral.
- Práctica instrumental: acompañamento de cancións con instrumentos e co movemento.
- Experimentación dos elementos expresivos da música.

Actividades de conclusión: centradas na asunción e reflexión sobre os beneficios da propia práctica músico-vocal e das implicacións e políticas da formación musical existentes (oportunidades de acceso á formación musical, métodos de adxudicación de prazas de formación en centros públicos etc.).

As actividades deste obradoiro están pensadas e aliñadas con, ao menos, 3 ODS. Principalmente este obradoiro pretende ofrecer oportunidades de formación musical asumibles, accesibles e sen probas de acceso (como adoita acontecer nos conservatorios e nalgunhas escolas de música) e de calidade (ODS 10, redución de desigualdades; e ODS 4, educación de calidade), así como fomentar e saber aplicar a música e as súas potencialidades para o benestar diario (ODS3, saúde e benestar).